

CIRCULAR INFORMATIVA

CONVOCATORIA da elección de representantes ao Consello Escolar do sector alumnado.

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de **eleccións de membros dos consellos escolares** de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18/09/2024), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

Primeiro.- Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26/01/1999), corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 alumnos/as que rematarían o seu mandato en 2028**, dun total de 4 que debe ter o Consello Escolar.

Segundo.- Son electores todo o alumnado matriculado neste Centro e incluídos/as no Censo correspondente exposto no taboleiro de anuncios na entrada do Centro, a partir da data desta convocatoria. As **reclamacións ao referido Censo** realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, **ata as 14:00 horas do día 8 de novembro de 2024**.

Terceiro.- Son elixibles os alumnos/as que, estando incluídos no Censo electoral correspondente, formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilita na Secretaría do Centro. As **candidaturas** poderanse presentar **desde as 9:00 horas do día 30 de outubro de 2024 ata as 14:00 horas do día 11 de novembro de 2024**.

Cuarto.- O **sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase en acto público, entre o alumnado que non se presenten como candidatos/as, o día **12 de novembro de 2024, ás 12:30 horas**. A mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e dous alumnos/as actuando de secretario/a o/a de menor idade.

Quinto.- Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos e alumnas que sexan propostos por cada unha das asociacións de alumnos e alumnas no centro ou avalados pola sinatura de dez electores.

Sexto.- As **votacións** realizaranse neste Centro o día **21 de novembro de 2024, dende as 10:25 ás 12:20 horas e de 19:30 a 20:30 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 10:15 horas.

Sétimo.- Na **papeleta de votación** cada elector/a fará constar un máximo de **un nome** dos/as candidatos/as presentados/as, debendo acreditar a súa identidade á hora de



votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado. Non se admitirá o voto por correo.

Oitavo.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e, unha vez realizado, levantarase Acta para ao seu envío á Xunta Electoral do Centro.

Noveno.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Nigrán, 29 de outubro de 2024.

A Directora do Centro e Presidenta da Xunta Electoral,

Asdo: María Pilar Piay Pombo